

Programación Ciencias Naturais

4^o primaria

Curso 2021-22

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
(Redondela)

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.	2
2. OBXECTIVOS DA ÁREA.	2
3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.	3
4. RELACION DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA ÁREA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.	7
5. CONCRECIÓN CURRICULAR (Obxectivos, Contidos, Criterios de avaliación, Estándares de aprendizaxe, Mínimos esixibles e C. Clave)	10
6. PERFIL COMPETENCIAL (Obx., Contidos, C. avaliación, E. aprendizaxe, M. esixibles, Ponderación, Temporalización, Téc. avaliación e I. avaliación)	15
7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.	20
8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.	21
9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN	21
9.1. Mínimos para superar a materia	21
10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	22
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.	22
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	22
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.	24
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICO E PROCESOS DE MELLORA.	24

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A introdución e contextualización de esta programación pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desde a páxina 3 ata a 5.

2. OBXECTIVOS DA ÁREA.

- a) Valorar o patrimonio natural para desenvolver pautas de respecto á natureza.
- b) Realizar unha lectura comprensiva, expresiva e crítica de diferentes tipos de textos relacionados cos contidos da área.
- c) Expresar, de forma oral e escrita, clara e ordenadamente o contido de textos escritos de carácter científico significativos para a área empregando de forma adecuada o vocabulario específico.
- d) Asimilar a importancia do deporte para o benestar persoal e social desenvolvendo hábitos de saúde relacionados coa nutrición, cos órganos dos sentidos, coa hixiene e co coidado do corpo.
- e) Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que se derivan do coñecemento do corpo humano e mostrar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais.
- f) Utilizar criterios de clasificación orientados e relacionados con pautas alimentarias, reprodutivas e morfolóxicas e criterios propios para caracterizar animais da zona.
- g) Identificar as necesidades fundamentais dos seres e as características específicas dos grupos de peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos.
- h) Identificar e describir as características xerais dos animais invertebrados vivos a partir do coñecemento das funcións vitais.
- i) Clasificar os animais segundo sexan vertebrados ou invertebrados.
- j) Identificar e describir as características xerais dos animais vertebrados e as características específicas dos principais grupos de invertebrados.
- k) Coñecer as distintas relacións que os seres humanos establecemos cos animais, como fontes de alimentos e produtos, como axuda no traballo, como compañía, etc., e desenvolver hábitos de respecto e coidado cara a eles.
- l) Describir as características xerais das plantas, as súas partes e as funcións que desempeña cada unha delas, e clasificar os tipos de plantas segundo os seus talos.
- m) Valorar a importancia das plantas como produtoras de alimentos e como reguladoras dos gases do aire, e desenvolver pautas de respecto cara ás plantas.

- n) Utilizar diferentes fontes de información para a construción de contidos relacionados coa área.
- o) Identificar as propiedades dos materiais dos que están feitos algúns obxectos valorando o papel dos avances tecnolóxicos e inventos na mellora das condicións de vida da nosa sociedade.
- p) Construír algún aparato sinxelo para coñecer as características e as funcións dalgunhas máquinas, recoñecendo a súa importancia nos avances da nosa sociedade.
- q) Identificar os materiais que se poden reciclar aplicando as diferentes regras que existen para a reciclaxe.
- r) Identificar accións que contaminan a auga e o aire, e que prexudican as plantas e os animais, comprendendo a importancia do coidado da natureza, e coñecendo e valorando os espazos protexidos do seu ámbito.
- s) Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información, aprender e compartir coñecementos, e valorar a súa contribución á mellora das condicións de vida.
- t) Mostrar unha actitude participativa e responsable en actividades de grupo.
- u) Analizar e valorar criticamente algunhas manifestacións da intervención humana no medio, e adoptar un comportamento de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do patrimonio natural.
- v) Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural mediante códigos numéricos, gráficos, cartográficos e outros.
- w) Planificar e realizar proxectos, dispositivos e aparatos sinxelos cunha finalidade previamente establecida, utilizando o coñecemento das propiedades dalgúns materiais, substancias e obxectos.
- x) Orientar a toma de decisións na súa actividade cotiá integrando a información recollida a través de distintas fontes, explorando posibles solucións e valorando o seu propio proceso de aprendizaxe.

3. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Na área de Ciencias da Natureza incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas que proveñen de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumnado.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co ámbito natural de xeito respectuoso.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.
- Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que acontece ao noso arredor.

• Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descritor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos e as alumnas nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Plan lector: gozar coa lectura.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta do interlocutor...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.

• Competencia dixital

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Na área de Ciencias da Natureza adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.

• Conciencia e expresións culturais

A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

• Competencias sociais e cívicas

A área de Ciencias da Natureza pídennos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social polo que os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos deseguido:

- Educación en valores: aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto polos distintos ritmos e potencialidades.

• Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar o alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.

Neste caso, os descritores que se van adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.

• Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.

- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se van realizar no proceso de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

4. RELACION DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE DA ÁREA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAS.

Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.	X	X		X		X	
CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.	X	X	X				
CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.		X		X		X	
CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.		X	X	X			
CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.		X		X			
CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.		X		X		X	
CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.	X	X					
CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.		X		X	X	X	

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.		X					
CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	X	X					
CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.		X			X		
CNB2.2.2. Identifica e valora as súas habilidades persoais.					X	X	
CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.		X					
CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.				X	X		
CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.		X					
CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.		X					
CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.		X		X			
CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	X	X					
CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.		X					
CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	X	X	X			X	
CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.		X			X		
CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	X	X			X		

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Estándares de aprendizaxe	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.		X			X		
CNB4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	X	X					
CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.		X					
CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.		X					
CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.		X					
CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.		X					
CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.		X			X	X	
CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.	X	X					
CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	X	X			X		
CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...		X	X	X		X	X

5. CONCRECIÓN CURRICULAR.

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA					
b e g h i	<p>B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.</p> <p>B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.</p> <p>B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).</p> <p>B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.</p>	<p>B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.</p>	<p>CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</p>	<p>CNB1.1.1. Busca a información e comunica o resultado de forma oral e escrita.</p>	<p>CAA CCL CMCCT CSIEE</p>
			<p>CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</p>	<p>CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel.</p>	<p>CCL CMCCT CD</p>
			<p>CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</p>	<p>CNB1.1.3. Ten autonomía na execución de tarefas.</p>	<p>CAA CMCCT CSIEE</p>
			<p>CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</p>	<p>CNB1.1.4. Utiliza nos seus traballos documentos escritos, imaxes e gráficos.</p>	<p>CAA CMCCT CD</p>
			<p>CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.</p>	<p>CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado.</p>	<p>CAA CMCCT</p>
b e g h	<p>B1.5. Iniciación á actividade científica.</p>	<p>B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.</p>	<p>CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.</p>	<p>CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, a partir dun esquema dado.</p>	<p>CAA CMCCT CSIEE</p>
			<p>CNB1.2.2. Emprega axeitadamente o vocabulario que corresponde a cada un dos bloques de contidos.</p>	<p>CNB1.2.2. Emprega vocabulario que corresponde a os bloques de contidos.</p>	<p>CMCCT CCL</p>

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
a b c k m	B1.6. O traballo cooperativo. B1.7. Técnicas traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. B1.8. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.	B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais.	CNB1.3.1. Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	CNB1.3.1. Traballa de forma individual e en equipo.	CAA CMCCT CSC CSIEE
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE					
e h k	B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento. B2.2. As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual. B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.	B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais. CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio.	CMCCT CMCCT CCL
a b c d h k m	B2.4. Saúde e enfermidade. B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso. B2.6. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento da saúde. B2.7. Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros... B2.8. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos. Valoración das súas habilidades persoais. B2.9. A relación cos demais. Toma de decisións.	B2.2 Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.	CNB2.2.1. Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación sa e diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde. CNB2.2.2. Identifica e valora as súas habilidades persoais. CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais (carie, catarros, gripe, obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. CNB2.2.4. Planifica, de forma autónoma e creativa, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	CNB2.2.1. Identifica hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación. CNB2.2.2 Identifica as súas habilidades persoais. CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais. CNB2.2.4. Planifica, con axuda, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	CMCCT CSC CSC CSIEE CMCCT CAA CSC

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
	B2.10. A igualdade entre homes e mulleres.				
e h	B2.11. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.	B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade.	CNB2.3.1. Clasifica e diferencia alimentos en función dos nutrientes principais.	CNB2.3.1. Clasifica os alimentos en función dos nutrientes principais.	CMCCT
	B2.12. Identificación de sistemas de conservación alimentaria.		CNB2.3.2. Identifica sistemas de conservación alimentaria.	CNB2.3.2. Coñece algún sistemas de conservación alimentaria.	CMCCT
	B2.13. Pirámide alimentaria. B2.14. Análise de dietas equilibradas.		CNB2.3.3. Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	CNB2.3.3. Elabora un menú equilibrado na escola.	CMCCT
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS					
b h e l i o	B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.	B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais, plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais, buscando información en fontes variadas.	CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.	CNB3.1.1. Coñece as características básicas de dous animais vertebrados e invertebrados.	CMCCT
	B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos.		CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica plantas do seu contorno, con criterio científico.	CNB3.1.2. Coñece as características básicas das plantas.	CMCCT
	B3.3. Identificación e clasificación de rochas a partir de características observables.		CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	CMCCT CAA
	B3.4. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.		CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos e elabora un protocolo para respectar a biodiversidade.	CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos.	CMCCT CCL
	B3.5 Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.				
	B3.6 Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.				
	B3.7. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.				
	B3.8. Valoración da biodiversidade e				

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
	interese pola súa conservación.				
a b c e h i j l m o	B3.9. Planificación, observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible. Comunicación dos resultados, empregando distintos soportes textuais.	B3.2. Planificar, observar e comparar, empregando os instrumentos e o material necesarios e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo contrastando os rexistros propios e os dos compañeiros con información doutras fontes. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados.	CNB3.2.1. Coñece e explica as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación.	CMCCT
			CNB3.2.2. Planifica, observa, compara, rexistra e comunica, empregando soportes textuais variados, os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.	CNB3.2.2. Comunica, empregando soportes textuais, os resultados da observación do ciclo vital.	CMCCT CCL CSIEE CD
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA					
a b c e h	B4.1. O sol e a auga como fontes de enerxía. B4.2. Características e propiedades do aire e actuacións necesarias para evitar a súa contaminación. B4.3 Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida. B4.4. Intervención da enerxía na vida cotiá. B4.5. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético. B4.6. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental. B4.7. Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais.	B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias do seu uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental.	CNB4.1.1. Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	CNB4.1.1. Identifica a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	CMCCT CSC
			CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire e as actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.	CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire.	CMCCT CCL CSC
			CNB4.1.3. Elabora protocolos para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.	CNB4.1.3. Aporta algunha solución para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.	CMCCT CSC

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
b e g h	B4.8. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga e prismas) diante da luz. B4.9. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.	B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	CNB4.2.1. Investiga e explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	CNB4.2.1. Explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	CMCCT CCL
			CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.	CMCCT
b e g h	B4.10. Realización de experiencias con mesturas. B4.11. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura. B4.12. Procedementos de separación.	B4.3. Realizar experiencias con mesturas sinxelas de substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno e achegar conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga e presenta conclusións en diferentes soportes.	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga.	CMCCT
			CNB4.3.2. Identifica e prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	CNB4.3.2. Prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	CMCCT
			CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián presentando conclusións sobre os resultados.	CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas mesturas de uso cotián.	CMCCT
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS					
a b e h	B5.1. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela etc.). B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.	B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e o seu uso na vida cotián.	CNB5.1.1. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.	CNB5.1.1. Identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá.	CMCCT CSC CSIEE
			CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual e explica a importancia da ciencia e a tecnoloxía na vida cotiá.	CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual.	CMCCT CCL
a b	B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción	B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto ou	CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e	CNB5.2.1. Identifica oficios en función dos materiais, das ferramentas e das	CMCCT CCL

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	C. clave
c d e h j m	sinxela. B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas. B5.5 Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.	máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes.	das máquinas que empregan.	máquinas que empregan.	CSC
			CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e á construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar...	CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo.	CMCCT CAA CCEC CD CIEE

6. PERFIL COMPETENCIAL.

Obx.	Contidos	Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización			Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación
						1º	2º	3º		
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA										
b e g h i	B1.1. B1.2. B1.3. B1.4.	B1.1.	CNB1.1.1.	CNB1.1.1. Busca a información e comunica o resultado de forma oral e escrita.	6,25%	X	X	X	Observación Análise das producións	Lista de cotexo Lista de control Rexistro anecdótico Producións orais ou escritas
	CNB1.1.2.		CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel.	6,25%	X	X	X	Análise das producións	Producións orais ou escritas	
	CNB1.1.3.		CNB1.1.3. Ten autonomía na execución de tarefas.	6,25%	X	X	X	Observación	Rubricas Lista de cotexo Lista de control Rexistro anecdótico	
	CNB1.1.4.		CNB1.1.4. Utiliza nos seus traballos	6,25%	X	X	X	Análise das producións	Producións orais ou escritas	

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización	Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación
				documentos escritos, imaxes e gráficos.				
			CNB1.1.5.	CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado.	6,25%	X X X	Observación	Lista de cotexo Lista de control Rexistro anecdótico
b e g h	B1.5.	B1.2.	CNB1.2.1.	CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, a partir dun esquema dado.	6,25%	X X X	Observación Análise do traballo diario	Lista de control Rexistro anecdótico Tarefa puntual
			CNB1.2.2.	CNB1.2.2. Emprega vocabulario que corresponde a os bloques de contidos.	6,25%	X X X	Observación Análise do traballo diario Probas específicas	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Proba escrita ou oral
a b c k m	B1.6 B1.7. B1.8.	B1.3.	CNB1.3.1.	CNB1.3.1. Traballa de forma individual e en equipo.	6,25%	X X X	Observación	Rubricas Lista de cotexo Rexistro anecdótico
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE								
e h k	B2.1. B2.2. B2.3.	B2.1.	CNB2.1.1.	CNB2.1.1. Localiza os principais órganos vitais.	1,86%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB2.1.2.	CNB2.1.2. Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio.	1,85%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización	Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación
a b c d h k m	B2.4. B2.5. B2.6. B2.7. B2.8. B2.9. B2.10.	B2.2.	CNB2.2.1.	CNB2.2.1. Identifica hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación.	1,85%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB2.2.2.	CNB2.2.2 Identifica as súas habilidades persoais.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario	Rexistro anecdótico Caderno
			CNB2.2.3.	CNB2.2.3. Recoñece algúns factores que producen as enfermidades máis habituais.	1,85%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB2.2.4.	CNB2.2.4. Planifica, con axuda, actividades de ocio e tempo libre, individuais e en grupo.	1,85%	X	Observación Análise das producións	Rubricas Producións orais ou escritas
e h	B2.11. B2.12. B2.13. B2.14.	B2.3.	CNB2.3.1.	CNB2.3.1. Clasifica os alimentos en función dos nutrientes principais.	1,86%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB2.3.2.	CNB2.3.2. Coñece algún sistemas de conservación alimentaria.	1,85%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB2.3.3.	CNB2.3.3. Elabora un menú equilibrado na escola.	1,85%	X	Análise das producións Probas específicas	Producións orais ou escritas Proba escrita ou oral
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS								
b h e l	B3.1. B3.2. B3.3. B3.4. B3.5.	B3.1.	CNB3.1.1.	CNB3.1.1. Coñece as características básicas dos animais vertebrados e invertebrados.	1,86%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB3.1.2.	CNB3.1.2. Coñece as características básicas	1,86%	X	Análise do traballo diario	Caderno

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización	Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación	
i o	B3.6			das plantas.				Tarefa puntual	
	B3.7.						Probas específicas	Proba escrita ou oral	
	B3.8.		CNB3.1.3.	CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario Probas específicas	Rubricas Caderno Proba escrita ou oral	
			CNB3.1.4.	CNB3.1.4. Identifica hábitats de seres vivos.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario Probas específicas	Rubricas Caderno Proba escrita ou oral	
a b c e h i j l m o	B3.9.	B3.2.	CNB3.2.1.	CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación.	1,86%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral	
			CNB3.2.2.	CNB3.2.2. Comunica, empregando soportes textuais, os resultados da observación do ciclo vital.	1,85%	X	Observación Análise das producións	Rubricas Rexistro anecdótico Producións orais ou escritas	
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA									
a b c e h	B4.1..	B4.1.	CNB4.1.1.	CNB4.1.1. Identifica a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	1,85%		X	Análise do traballo diario	Caderno
	B4.2.							Probas específicas	Tarefa puntual Proba escrita ou oral
	B4.3								
	B4.4.		CNB4.1.2.	CNB4.1.2. Explica algunhas características e propiedades do aire.	1,85%		X	Observación	Rubricas
	B4.5..							Análise do traballo diario	Rexistro anecdótico Caderno
	B4.6								

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización	Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación
	B4.7.						Probas específicas	Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB4.1.3.	CNB4.1.3. Aporta algunha solución para mellorar os problemas medioambientais da súa contorna.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual
b e g h	B4.8. B4.9.	B4.2.	CNB4.2.1.	CNB4.2.1. Explica o comportamento de certos corpos diante da luz.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario Probas específicas	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB4.2.2.	CNB4.2.2. Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario Probas específicas	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
b e g h	B4.10. B4.11. B4.12.	B4.3.	CNB4.3.1.	CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes substancias de uso cotián con respecto á auga.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual
			CNB4.3.2.	CNB4.3.2. Prepara algunhas mesturas de uso doméstico.	1,85%	X	Observación Análise do traballo diario	Rubricas Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual
			CNB4.3.3.	CNB4.3.3. Separa compoñentes dalgunhas	1,85%	X	Observación	Rubricas

C.E.I.P. PLURILINGÜE CEDEIRA
Curso 2021-22

Obx.	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	Ponderación	Temporalización	Técnicas de Avaliación	Instrumentos de avaliación
				mesturas de uso cotián.			Análise do traballo diario	Rexistro anecdótico Caderno Tarefa puntual
BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS								
a b e h	B5.1. B5.2.	B5.1.	CNB5.1.1.	CNB5.1.1. Identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá.	1,85%		X Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB5.1.2.	CNB5.1.2. Coñece a enerxía que empregan as máquinas de uso habitual.	1,85%	X	Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
a b c d e h j m	B5.3. B5.4. B5.5	B5.2.	CNB5.2.1.	CNB5.2.1. Identifica oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.	1,85%		X Análise do traballo diario Probas específicas	Caderno Tarefa puntual Proba escrita ou oral
			CNB5.2.2.	CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo.	1,85%	X	Observación Análise das producións	Rubricas Rexistro anecdótico Producións orais ou escritas

7. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

A metodoloxía pódese consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación dende a páxina 10 ata a 12.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Os materiais e recursos didácticos pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación nas páxinas 12 e 13.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Os aspectos xerais dos criterios de avaliación, cualificación e promoción pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación dende a páxina 13 ata a 15.

No seguinte cadro aparece detallado o peso que cada un dos aspectos que queremos destacar nesta área, terán na nota final da mesma.

Probas obxectivas Todo tipo de probas, tanto orais como escritas, nas que se controle a consecución dos obxectivos propostos.	50%
Actividades individuais Valorarase: O caderno, as fichas, as tarefas obrigatorias e os traballos de investigación. Inclúe presentación, limpeza, realización regular das actividades e o correcto seguimento das pautas requiridas polo profesor na súa realización.	30%
Esforzo, interese e comportamento. Valorarase: o esforzo, o traballo diario, a aptitude e a atención durante a clase, ter o material necesario para traballar, a realización das tarefas propostas (durante as sesións e as optativas) e a entrega dos deberes.	20%

9.1. Mínimos para superar a materia.

- Coñecer os principais órganos vitais e a súa importancia no funcionamento do corpo.
- Explicar as consecuencias para a saúde de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio e descanso.

- Diferenciar entre seres vivos e seres inertes.
- Clasificar animais vertebrados e invertebrados.
- Identificar as características das plantas.
- Coñecer algunhas fontes de enerxía e os seus usos na vida cotiá.
- Explicar os cambios de estado da auga.
- Coñecer e analizar o funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotiá.

10. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Os indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente, pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación nas páxinas 15 e 16.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

O referente a avaliación inicial e as medidas a adoptar en función dos resultados, pódese consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación nas páxinas 16 e 17.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Os aspectos xerais relativos as medidas de atención a diversidade, pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación dende a páxina 17 ata a 19.

A continuación farei referencia as medidas, que como titora, levarei a cabo de forma individualizada cos alumnos que presentan algún tipo de problemas de aprendizaxe.

Estas medidas serán en forma de adaptación metodológica, serán controladas e dirixidas polo departamento de orientación e poderán ser revisadas e modificadas ao longo do curso segundo a evolución do alumno.

- Medidas

- Materia traballada

- ✓ Os contidos e as actividades, adaptaranse a súas necesidades e se é necesario farase unha redución da materia.
- ✓ Complementarase a explicación da materia, sempre que sexa posible, con imaxes (vídeos, murais, etc...).
- ✓ A materia traballada, que considere que debe ser reforzada, quedará plasmada en distintos tipos de carteis e murais que se colocarán nas paredes da aula e en resumos que se pegarán na libreta do alumno (reforzo visual).
- ✓ Para facilitar a asimilación da materia; na aula, na hora de informática e na aula virtual do curso, faranse actividades interactivas.
- ✓ Favorecerase unha aprendizaxe significativa e vivencial; mediante experimentos, materiais elaborados polo alumno ou traballos de investigación.
- ✓ Entregaráselle os contidos a estudar en forma de esquemas ou mapas conceptuais.

- Desenvolvemento das clases

- ✓ Proporcionaráselles a máxima atención individualizada posible e animaráselles a preguntar cando teñan algunha dúbida.
- ✓ Sempre que o pidan, terán explicacións adicionais.
- ✓ Se destacarán os aspectos positivos do seu traballo.
- ✓ Os primeiros minutos de cada clase dedicarémolos a facer un repaso oral da materia traballada en sesións anteriores.
- ✓ Potenciarase a parte oral (repaso da materia e resolución de actividades) e visual (utilización da pantalla dixital e carteis explicativos).
- ✓ Non se copiarán os enunciados dos exercicios (indicarase a páx. e o número do exercicio).
- ✓ Parte dos exercicios resolveranse de forma oral.
- ✓ Comprobarase sempre que entendeu os exercicios.
- ✓ Daráselle máis tempo, se o necesita, para realizar as tarefas.
- ✓ Traballarase en equipos (aprendizaxe cooperativa) ou por parellas.
- ✓ Terase en conta os deberes das outras áreas a hora de poñer traballo para casa.

- ✓No calendario da aula marcaranse as datas de probas e de entrega de traballos.

Controis e probas escritas

- ✓Marcaranse as palabras clave dos exercicios, para favorecer a súa comprensión.
- ✓As probas dividiranse en partes.
- ✓Terá máis tempo de realización.
- ✓Antes de empezar farase unha explicación de cada unha das preguntas, con exemplos se fose necesario.
- ✓Ao longo das probas explicaráselle todas as dúbidas que lle xurdan.
- ✓As notas dos controis se darán individualmente.
- ✓Non se corraxirá en vermello.
- ✓As datas dos controis daranse se cunha semana de antelación como mínimo.

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O relacionado coas actividades complementarias e extraescolares pódese ver o documento “Puntos Comúns” desta programación na páxina 20.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICO E PROCESOS DE MELLORA.

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación pódense consultar no documento “Puntos Comúns” desta programación nas páxinas 20 e 21.

Cedeira, setembro 2021.